

EEI VILA LAURA PROGRAMA DE ACOLLIDA

- DIRECCIÓN: RÚA HISPANIDADE, 86 **TELÉFONO : 986 47 14 10**
- E-MAIL: eei.vila.laura@edu.xunta.es
- PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.es/centros/eeivilalaura/>
- TELÉFONO DA ANPA: 986 42 08 58
- BLOG: <http://vilalaurainfantil.blogspot.com>



O inicio da escolarización é un período moi importante para os vosos fillos e fillas xa que no Sistema Educativo a Educación Infantil está contemplada como unha etapa na que se producen gran cantidade de avances no desenvolvemento evolutivo dos nenos e nenas que afectan tanto ao ámbito familiar como escolar.

As competencias que pretendemos neste período, sitúanse na liña de conquistar un bo coñecemento de si mesmo, o coñecemento do que nos rodea e a aprendizaxe da comunicación.

Precisamos da vosa colaboración e implicación, por elo e dentro do marco no que se inscribe o Plan de Acollida, imosvos aportar unha serie de informacións sobre o funcionamento do colexio que cremos importantes para conquistar unha adecuada adaptación dos vosos fillos e fillas.

Aproveitamos a ocasión para darvos a benvida dende a Dirección do Centro e o Claustro .

ENTRADAS E SAÍDAS

- Prégase puntualidade en ámbolos dous casos .
- O alumnado ENTRARÁ E SAIRÁ POLA ENTRADA DO COLEXIO QUE LLE CORRESPONDA POR ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
- Se un alumno ou alumna chega tarde ao centro por una causa xustificada, **sempre** entrará pola porta principal e deberá cubrir o correspondente impreso en conserxería. Será soamente o persoal do centro quén o acompañe ata a súa clase.
- Si un alumno ou alumna ten que saír do centro antes de que remate o horario lectivo deberá comunicarllo á titora e cubrir o xustificante na conserxería. Sairá pola porta principal.
- Cada titora levará a cabo un rexistro de faltas de puntualidade e asistencia que no caso de no ser xustificadas debidamente, se poñerá en coñecemento da dirección do centro que tomará as medidas oportunas.
- No caso de que a persoa que recolle habitualmente ao alumno ou alumna varíe, débese comunicar esta circunstancia á titora, autorizando por escrito ou telefónicamente e indicando o nome e DNI da persoa que o vai recoller.
- Se algún alumno ou alumna ten que acudir a algún tipo de rehabilitación externa ao centro deberá, previamente, comunicalo ao Departamento de Orientación e á Dirección do Centro.

CUESTIÓNS EDUCATIVAS

- É recomendable que veñan descansados ao colexio, deberían durmir alo menos 10 horas.
- É importante que vaían adquirindo pouco a pouco autonomía no vestir e comer.
- É necesario educalos en rutinas, a esta idade son fundamentais e lle aportan seguridade.

HIXIENE, ROUPA E ALIMENTACIÓN



- Ao inicio da escolaridade o neno ou nena controlará esfínteres. Se algún deles faise as súas necesidades a titora avisará á familia que deberán vir a cambialo o antes posible. (Inclúese ao final deste díptico información para un entramento neste control).
- No caso de pediculosis, deberán avisar de inmediato á titora e desparasitar rápidamente para evitar un contaxio masivo.
- Os nenos deberán traer roupa cómoda, tipo chándal, e fácil de poñer, zapatos con peche de velcro, mandilón con botóns pola parte dianteira.....etc
- Os días que teñan psicomotricidade deberán traer chandal e tenis ou zapatillas de velcro.
- Non poderán traer cinturóns, tirantes, petos, colares, pulseiras, moedas... por cuestións de seguridade.
- As chaquetas, abrigos e mandilóns estarán provistos dunha goma elástica de 15 cm. para poder colgalas na percha correspondente. Ase mesmo virán marcadas co nome.
- Non está permitido traer mochilas de rodas.
- A media maña tomarase un tentempé que preferentemente estará composto por froita, iogur ou pequenos bocadillos. Evitarase, na medida do posible, os chocolates e a bollería industrial e os envases de plástico.
- A comida nunca virá en latas ou recipientes de cristal.
- Acompañarán a comida dunha botelliña tipo cantimplora de auga co nome do neno ou nena.
- Deberán traer un manteliño do tamaño dun folio.

ENFERMIDADES

- No caso de **TER SÍNTOMAS RELACIONADOS CO COVID-19 (FEBRE, DOR DE GORXA, MALESTAR)...** o alumnado **deberá quedarse na casa**
- E tamén con calquera outra enfermidade infecto-contaxiosa ou malestar que curse con febre.
- Se padece algún tipo de alerxia, intoleran-

cia alimentaria ou enfermidade (asma, epilepsia...), ésta deberá ser comunicada o antes posible á titora do alumno ou alumna.

- Se algún neno ou nena tivese que recibir algún tipo de tratamento e non fose posible darllelo fora do horario lectivo, serán os pais ou algunha outra persona autorizada por eles quen llo administrará.

OUTRAS CUESTIÓNS

- As comunicacións oficiais do centro ás familias realizaranse pola aplicación Remind e Abalar móbil,
- No caso de cambio de domicilio ou teléfono de contacto é necesario avisar á titora e na secretaría canto antes.
- No caso de problemas coa custodia do neno ou nena cómpre presentar documentación oficial.
- O centro realiza actividades complementarias dentro e fora do recinto escolar. Para asistir ás saídas os pais ou titores legais deberán cubrir a autorización correspondente.
- En caso de ausencia prolongada ao colexio deberán comunicalo por escrito á titora e á secretaria do centro.



CANDO COMEZAR

PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DO CONTROL DE ESFÍNTERES

Diversos estudos indican que a idade á que o neno ou nena logra o control de esfínteres varía co grado de participación dos pais na facilitación de ditas adquisicións.

Ter alcanzado un desenvolvemento fisiolóxico axeitado e unha maduración suficiente do sistema nervioso central, son requisitos necesarios aínda que non suficientes para o axeitado progreso do control. Tamén é importante observar unha serie de condutas previas antes de iniciar o programa como son:

- ◆ Que o neno e nena sexan capaces de permanecer sentados nunha cadeira alomenos durante 10 minutos por indicación do adulto.
- ◆ Que sexa quen de seguir instrucións simples.
- ◆ E que sexa quen de permanecer seco durante períodos dunha hora e media.

SECUENCIAS EVOLUTIVAS

Ás idades medias en que un neno ou nena adquire un progresivo control e autonomía respecto ó control de esfínteres son as seguintes:

- ◆ **24 MESES:** distingue verbalmente entre deposición e orinar. Pode ocorrer, ás veces, accidentes intestinais. Ás noites é quen de permanecer seco se o levamos ao aseo.
- ◆ **36 MESES:** Sabe eliminar en momentos determinados segundo hábitos diarios, tamén toma a iniciativa e o comunica ao adulto. Ten tendencia a reter durante demasiado tempo e precisa axuda para limparse e coa roupa.
- ◆ **48 MESES:** Vai só ó baño e arrégglase a roupa sen dificultade.
- ◆ A familia debe aceptar que é o adulto quen está interesado en acadar o control e que debe motivar ao neno/a para lograr a súa colaboración, debe valorar os progresos e aceptar os accidentes.
- ◆ Utilizaremos o orinal ou un asento reductor con apoios para os pes para que o neno se sinta máis seguro.
- ◆ O lugar de eliminación será sempre o cuarto de baño.
- ◆ Se houbese un accidente durante o programa reaccionaremos limpándoo sen unha especial atención, nin positiva nin negativa.
- ◆ O reforzamento positivo e social é o método máis recomendable para obter a colaboración dos nenos.
- ◆ A aprendizaxe favorécese cando o neno observa aos demais na escola e que é reforzado por seguir unhas determinadas actuacións.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN

Cando o neno/a ten unha pauta regular para a eliminación intestinal pode comezarse controlando unicamente as deposicións para pasar posteriormente ao control da micción. Cando o neno ou nena cumpre os requisitos previos pero non se rexistra unha pauta regular de eliminación intestinal o control céntrase na micción.

Primeiramente durante unha semana levaremos a cabo un "Rexistro Inicial" anotando nun cadro o horario en que o neno/a fai pis ou caca. Este rexistro constituirá a pauta sobre a que actuaremos posteriormente.

Control da defecación:

1.- Minutos antes das horas nas que as deposicións son probables, según o rexistro inicial, pedir ao neno que acompañe ao adulto ao baño solicitando a súa colaboración ao espirse e sentarse no orinal.

2.- Recordarlle que se espera a súa deposición, reforzalo se se produce e se non, levantalo aos 10 minutos.

3.- Esperaremos 5 minutos e volveremos pedirlle que se sente de novo, repetindo as indicacións anteriores. Se non elimina nesta ocasión levantámolo e non volvemos a pedirlle que se sente ata o día seguinte. Non haberá actuacións negativas se se mancha fora das horas.

4.- Sempre que se levante ao neno tras unha deposición, axudalo fisicamente e verbalmente a limparse, vestirse, tirar da cadea, lavarse as mans.

Control da micción:

1.- No tempo que os rexistros iniciais estableceron como período máis habitual de retención, pedir ao neno ou nena que acompañe ao adulto ao cuarto de baño. Reforzalo se hai inicio de eliminación.

2.- Se non o fai tras permanecer 5 minutos pedirlle ou axudalo a vestirse sen maior atención.

3.- É convinte estar atentos a calquera indicio que nos sinale que ten desexos de eliminar (para de xogar, abre as pernas..).

4.- Ver no rexistro inicial a próxima hora de eliminación e repetir o proceso.

INCINCREMENTANDO A AUTONOMÍA

Superada a fase anterior procederemos do seguinte xeito:

1.- Cada vez que se cumpla o intervalo de tempo probable, en lugar de pedirlle que nos acompañe ao baño preguntaremos se ten ganas de facer pis ou caca.

2.- Se contesta afirmativamente acompañaselle ao baño reforzando á súa colaboración.

3.- Se contesta negativamente volveremos a preguntarlle pasados uns minutos.

4.- Se actuamos en base á resposta anterior e se producen un número considerable de accidentes volveremos a iniciar o programa.

